

ASEIA

Asociación para a Saúde Emocional
na Infancia e Adolescencia

Nace motivada pola crecente preocupación dun grupo de profesionais ante a complexa realidade da infancia e adolescencia no momento actual. Esta asociación está conformada por un equipo de traballo interdisciplinar procedente de distintas ramas do coñecemento tales como a Psicoloxía, a Pedagogía, a Educación Social ou o Traballo social, que conta cunha ampla experiencia neste ámbito.



622 245 545



www.aseiagalicia.org



aseia.atencionmedia@gmail.com



ASEIA

PROGRAMA ALENTO

ATENCIÓN DE DÍA PARA
ADOLESCENTES EN RISCO
DE EXCLUSIÓN SOCIAL



ASEIA

Asociación para a Saúde Emocional
na Infancia e Adolescencia



XUNTA
DE GALICIA



UNIÓN EUROPEA

galicia

Basea a súa actuación nuns principios claros:

- Atención integral á saúde emocional e mental de nenos e nenas, adolescentes e as súas familias.
- Compromiso coa comunidade.
- Actuación ética e respectuosa coas persoas e o contorno.
- Xestión participativa e interdisciplinaria.
- Carácter tenaz, emprendedor, pioneiro e innovador.
- Rigor e coñecemento científico.

Dentro das actividades de ASEIA,

atópase o **"Programa ALENTO" de Atención de Día para Adolescentes en risco de Exclusión Social**, que ten por obxectivo traballar co/a adolescente a través dun programa de intervención individualizado, dende unha perspectiva individual, grupal, familiar e sociocomunitaria.

Trátase dun proxecto que pretende favorecer a transición

entre a adolescencia e a vida adulta, dotando aos/ás adolescentes en risco de exclusión social, de recursos para xestionar a súa vida, a través dunha intervención especializada que ten en conta as súas necesidades reais como suxeitos dunha biografía problematizada, e como cidadáns/ás con aspiracións e dereito a un proceso de inclusión normalizador.

Se establecerán Programas de Intervención Individualizada

e protocolos de coordinación con outros/as profesionais que poidan estar a intervir con adolescentes e as súas familias.

Este programa está dirixido

a adolescentes que se atopan en risco de exclusión social e necesitan dun espazo de contención onde recibir apoio e intervención por parte de profesionais especializados/as.

O programa ofrece atención integral en distintas áreas:

Acompañamento Educativo – Terapéutico:

Un referente educativo de apoio persoal, tanto para as problemáticas da vida cotiá como para as dificultades relacionais.

Inserción Socio-Laboral:

Orientación e apoio para o acceso a contextos de inclusión e integración social, tendo sempre en conta as características propias do/a adolescente.

Psicoterapia Individual, Grupal e Apoio Familiar:

Un espazo individual e/ou grupal onde traballar aqueles aspectos intrapsíquicos e interpersoais necesarios nun proceso de maduración persoal.

Mediación e Xestión de Conflitos:

onde se incorporan e poñen en práctica as habilidades necesarias para facer do conflito cotiá un elemento de aprendizaxe e crecemento.

Equipo humano:

- Un/a coordinador/a
- Un/a traballador/a social
- Un/a psicólogo/a clínico
- Un/a técnico/a en Mediación e Xestión de Conflitos
- Un/a educador/a social